UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Datos Identificativos** | | | | **2019/20** |
| **Asignatura (*)** | Xestión da Calidade | | **Código** | 771G01044 |
| **Titulación** | | | | |

| Descriptores | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Ciclo** | **Período** | **Curso** | **Tipo** | **Créditos** |
| Grao | 1º cuadrimestre | Cuarto | Optativa | 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Idioma** | Castelán | | |
| **Modalidade docente** | Presencial | | |
| **Prerrequisitos** | | | |
| **Departamento** | EconomíaEmpresa | | |
| **Coordinación** | Domínguez Feijóo, Gerardo | **Correo electrónico** | g.dominguez@udc.es |
| **Profesorado** | Domínguez Feijóo, Gerardo<br>Rey Ares, Lucía | **Correo electrónico** | g.dominguez@udc.es<br>lucia.rey.ares@udc.es |
| **Web** | http://eudi.udc.es | | |
| **Descrición xeral** | Esta materia vén a complementar o contido doutras materias que están relacionadas directa ou indirectamente con aspectos económicos e de xestión empresarial do deseño.<br><br>O obxectivo principal desta e dotar ao alumnado daqueles coñecementos necesarios para o desenvolverse no campo da calidade. Para iso, darase a coñecer o concepto de calidade, a súa evolución histórica, a noción actual, os estándares de aseguramento e xestión da calidade, o concepto de seguridade... | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| **Código** | **Competencias / Resultados do título** |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| **Resultados de aprendizaxe** | **Competencias / Resultados do título** | | |
| Colaborar coas diferentes áreas da empresa implicadas no proceso de deseño e desenvolvemento do producto, de cara a entender a necesidade da xestión e control da calidade do producto e dos procesos | A1<br>A4<br>A8<br>A10 | B1<br>B4<br>B5<br>B7<br>B10<br>B12 | C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| INTRODUCCIÓN A LA CALIDADE E SEGURIDADE | - Fundamentos e conceptos previos sobre a calidade. A importancia da calidade na actualidade.<br>- Normalización, Certificación e Acreditación<br>- Calidade vs. Seguridade. A seguridade dos produtos industriais |
| A CALIDADE E A SUA XESTIÓN | - Implantación/certificación de Sistemas de Xestión da Calidade.<br>-A familia de Normas ISO 9000<br>- A Xestión da Calidade Total (Total Quality Management)<br>- Auditoría dos Sistemas de Xestión |
| A CALIDADE E A SÚA MELLORA | - Ferramentas para a mellora da calidade<br>- Análise dos custos asociados á calidade<br>- Técnicas de control de calidade aplicadas ao ámbito do deseño |

| Planificación |
|---|

| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|---|---|---|---|---|
| Sesión maxistral | A1 A10 B10 B12 C4 C5 C6 C7 | 41 | 82 | 123 |
| Traballos tutelados | A4 B1 B4 B7 C5 C8 | 0 | 23 | 23 |
| Proba mixta | A8 B5 | 1 | 0 | 1 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas ao alumnado, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.<br>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un docente en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia. |
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado, baixo a tutela do docente e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polo alumnado da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.<br>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente do alumnado e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor/a-titor/a. |
| Proba mixta | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.<br>As preguntas de ensaio recollen preguntas abertas de desenvolvemento, mentres que as preguntas obxectivas, poden combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Traballos tutelados<br>Sesión maxistral<br>Proba mixta | A atención personalizada consistirá na realización de tutorías, tanto individuais como en grupo, nas que se presentarán con maior detalle os traballos tutelados e se levará a cabo un seguimento dos mesmos. Con todo, as tutorías tamén se utilizarán para resolver e aclarar calquera tipo de dúbida relacionada ca materia. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Traballos tutelados | A4 B1 B4 B7 C5 C8 | Os traballos tutelados a realizar por parte do alumnado son os seguintes:<br>TRABALLO 1: "O MUNDO DAS MARCAS/SELOS DE CALIDADE"<br>Neste traballo expoñerase o marco conceptual e as características dunha serie de marcas/selos de calidade habituais na actualidade.<br>TRABALLO 2<br>O 2º traballo versará sobre distintos aspectos da materia nos que o alumnado debe afondar con maior detalle, a proposta dos docentes.<br>Ambos traballos realizaranse en grupos de 2-3-4-5 persoas, segundo o número total de alumnos/as matriculados/as. Na valoración dos traballos terase en conta tanto o contido destes, coma a forma de presentación en soporte papel/dixital e oral, así como, o debate xerado por parte do resto dos grupos receptores e oíntes. | 25 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Proba mixta | A8 B5 | Ademais, o alumnado ten que realizar o exame final ao rematar o cuadrimestre, no que se avaliarán os coñecementos adquiridos por este en relación aos conceptos tratados. O exame final estará formado por un conxunto de preguntas tipo test, que puntuará de 0 a 10. | 75 |
| Outros | | | |

| Observacións avaliación |
|---|
| A nota do exame ponderará ao 75% da nota final e contará a partir do 3,5 puntos, os traballos e asistencias ponderarán o outro 25%.<br>O ?Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial<br>e dispensa académica de exención de asistencia? comunicarán ao inicio do curso a<br>súa situación aos docentes da materia, segundo establece a "Norma que<br>regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC? (Art.3.b<br>e 4.5) e as ?Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións<br>dos estudos de grao e mestrado universitario (Art. 3 e 8b).<br>O alumnado nesta situación será evaluado na data aprobada na<br>Xunta de Escola mediante una proba obxectiva sobre os contidos do paso 3 da<br>Guía e un traballo a consensuar co profesorado da materia. |

| Fontes de información | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | O listado da bibliografía actualizada que se utilizará como apoio nesta materia facilitarase ao alumnado ao inicio de cada curso académico. |
| **Bibliografía complementaria** | |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| |
| **Materias que continúan o temario** |
| Aspectos Económicos e Empresariais do Deseño/771G01033<br>Normativa e Lexislación/771G01035<br>Loxística Industrial/771G01045 |
| **Observacións** |
| Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir co obxectivo da acción número 5: ?Docencia e investigación saudable e sustentable ambiental e social? do "Plan de Acción Green Campus Ferrol":1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático1.2. Realizarase a través de Moodle, en formato dixital sen necesidade de imprimilos1.3. De se realizar en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado.- Evitarase a impresión de borradores.2. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**